



Catalunya trionfant? Os fitos do proceso

Xosé Antón Pérez-Lema

PARA PODERMOS COMPRENDER a evolución soberanista da maioría social catalá temos que enxergar o proceso do novo Estatut de Cataluña, aprobado pola cidadanía catalá en 2006 e parcialmente anulado pola sentenza do Tribunal Constitucional (TC) de 2010.

O proceso estatutario

O novo Estatut tentaba un encaixe autonómico de Cataluña dentro do Estado, ampliando e blindando o teito competencial do Estatut de 1979, garantindo un financiamento acorde coa poboación real do país e recoñecendo o carácter nacional de Cataluña e un status do catalán equiparábel co castelán. O texto estatutario foi aprobado en setembro de 2005 por 120 dos 135 deputados cataláns. Só votaron en contra os deputados do PP.

Remitido o texto ao Congreso foi admitido a trámite co voto en contra do PP e pasou ao exame da Comisión mixta estatutaria Congreso-Parlament. A radicalizada campaña do PP contra o novo Estatuto produciu os

seus efectos e o socialista Alfonso Guerra, presidente da Comisión Constitucional do Congreso, aplicouse a fondo á tarefa de rebaixar a proposta aprobada pola representación popular do 88,88% dos deputados do Parlament. Artur Mas e Rodríguez Zapatero pactaron quitar o concepto «nación» do articulado para levalo ao preámbulo e fixar no 18,5% a porcentaxe do investimento estatal en Cataluña (consonte coa porcentaxe do seu PIB a respecto do estatal), así como no 50% do IRPF e IVE a porcentaxe destes impostos destinados á Administración catalá.

Este acordo, porén, non foi aceptado por ERC. O Congreso aprobou o Estatut cos seus votos en contra, canda os do PP. Malia todo, foi referendado en xuño de 2006 por case o 74% de votos favorábeis contra o 20,76% de «nons», cunha abstención superior ao 50%. Nesta elevada porcentaxe de abstención estábanse a pagar os efectos da rebaixa sufrida polo texto estatutario en Madrid. O PP recorreu ante o TC case a totalidade do Estatut, e o Alto Tribunal, tan dilixente en suspender en 24 horas a normativa catalá, atrasou a análise do recurso case catro anos!! En xuño de 2010, o TC deixaba sen efecto os principais avances do Estatut: blindaxe competencial e financeiro, equiparación xurídica do castelán e do catalán e recoñecemento nacional do país.

O impacto inmediato desta sentenza en Cataluña foi brutal. O TC permitíase rachar un acordo bilateral entre o Estado e Cataluña referendado pola cidadanía catalá, amosando nitidamente que non había posibilidade de evolución do Estado cara fórmulas plurinacionais. O Estado afirmábase, pois, en clave unitarista. O 9 de xullo de 2010, centos de milleiros de cataláns saíron á rúa convocados por Òmnium Cultural, no que constituíu

a demostración catalá máis importante até entón. Comezaba o proceso de desconexión e de ruptura cos marcos autonómicos para millóns de cataláns.

O fracasado pacto fiscal

Nas eleccións de outono de 2010 CiU revalidou unha maioría parlamentaria que lle permitiu recuperar a Generalitat. A recadación fiscal caía a esgalla e os converxentes encetaron un duro programa de recortes, que relacionaron directamente coas eivas do financiamento derivadas do fracaso estatutario. O Parlament conferiulle mandato ao *president* Mas para negociar con Rajoy un pacto que recoñecera un concerto fiscal semellante ao de Euskadi. Rajoy rexeitou esta proposta por «inconstitucional». De contado, o 27 de setembro, o Parlament aprobou a celebración dun referendo de autodeterminación.

A sociedade civil, nucleada arredor da Asamblea Nacional de Catalunya (ANC) e do Òmnium Cultural asumira xa o seu rol protagónico. Os converxentes deron, con dúbidas nalgúns dos seus membros, o paso cara á ruptura co autonomismo. Principiaba unha xeira na que o pulo social adiantaba á acción dos partidos. O *procés* desenvolvía xa a súa velocidade de cruceiro.

A convocatoria do 9-N e as eleccións plebiscitarias de setembro de 2015

Co combustíbel dunha ampla maioría parlamentaria e, sobre todo, co pulo dunha mobilización continuada, interclasista e transversal a Diada de case 1,5 millóns de seareiros do 11 de setembro de 2013 deu paso ao acordo nacional polo referendo, anunciado por Artur Mas en decembro de 2013. Diante do rexeitamento do Estado español á

cesión temporal da competencia para convocar referendos, o Parlament aprobou a Lei de Consultas Cidadás o 19 de setembro de 2014 co 79 % dos seus deputados. Con este abeiro, Mas convocou a consulta do 9-N. Porén, o Goberno do Estado recorreu a devandita Lei e o Decreto de convocatoria perante o TC, que suspendeu a consulta cidadá o 4 de novembro.

A consulta celebrouse, xa como mero proceso de participación cidadá, cunha ampla participación de voluntarios. Votaron máis de 2,3 millóns de cidadáns sobre 6,3 millóns convocados, cun 80 % de votos a prol dun Estado independente.

Mais o expreso recoñecemento por parte do independentismo da falla de carácter vencellante da consulta obrigou o movemento social e os partidos soberanistas a posibilitar outras solucións. Acordouse convocar unhas eleccións formalmente autonómicas, mais materialmente plebiscitarias. CDC, ERC, a ANC, Òmnium Cultural e outros grupos e persoeiros constituíron a plataforma electoral Junts pel Sí que gañou amplamente as eleccións plebiscitarias (62 sobre 135 deputados), acadando maioría absoluta parlamentaria xunto cos independentistas antisistema da CUP (10 escanos), cun 48% de votos entre ambas as dúas alternativas, fronte ao 37% dos unionistas do PP, C's e PSC.

A dinámica preelectoral anunciaba un acto formal no que a maioría absoluta parlamentaria declararía unilateralmente a independencia catalá (DUI), mais Junts pel Sí, sacrificando o seu candidato a *president* (vetado pola CUP) acadou investir a Puigdemont e formar un Goberno que desbotou a vía da DUI para reasumir a vía de convocar outro referendo, que desta si sería vencellante.

Setembro de 2017

Á altura de escribir isto a maioría parlamentaria catalá prepara a aprobación da Lei do Referendo no Pleno deste día 6, o que posibilitará a inmediata convocatoria do referendo polo Govern. Rajoy xa anunciou que recorrerá perante o TC a devandita lei e a convocatoria, o que determinará a súa suspensión automática. Mais a Lei do Referendo considera que esta norma, en canto emanada dun Parlament escollido en eleccións plebiscitarias, constitúe Dereito de superior prelación ao emanado da Constitución española. Velaí o confronto de lexitimidades.

Conclusión.

As razóns de Cataluña

Cataluña era un país con poucos independentistas até xuño do 2010, cando o TC desfixo o novo Estatut que aprobara o pobo catalán en referendo no 2006, dando por pechada toda solución á cuestión catalá dende o autonomismo. Asistimos en meses á conversión en *indepes* de sexaxenarios cidadáns federalistas votantes do PSC e de mozos barceloneses castelanfalantes fillos da inmigración andaluza.

Dende entón, arredor da ANC e de Òmnium Cultural foise estruturando unha potente organización transversal e interclasista para lle dar canle á autodeterminación de Cataluña. En Madrid e outros lugares do Estado adoitan pensar que o pulo soberanista naceu do xogo político de CDC (hoxe PDeCAT), ERC e CUP, mais o movemento soberanista transcende moito dos partidos nacionalistas, das elites e dos catalanfalantes. É un movemento social que integra toda caste de cidadáns de Cataluña.

Os Gobernos da Generalitat tentaron abondo pactar co Goberno do Estado un referendo

para que Cataluña fixese uso do dereito a decidir que deriva da conxunta interpretación do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos da ONU, do artigo 96 da Constitución e da doutrina emanada da Sociedade de Nacións (antecedente da ONU) ao recoñecer determinadas nacións europeas sen Estado (como fixo coa nosa Galicia en setembro de 1933). Un dereito a decidir que máis do 70% da cidadanía catalá quere concretar nun plebiscito.

Pechadas todas as vías de consenso, o Parlament catalán, seguindo o mandato das eleccións autonómicas de setembro de 2015, vai aprobar a lei do referendo, que lle dará abeiro á convocatoria do plebiscito do 1 de outubro.

Asistimos, pois, ao confronto de lexitimidade. Mais isto non se amaña con Tribunais nin moito menos coa Garda Civil ou os tanques. Rajoy sábeo. Outra cousa é que quite votos nesa cada vez máis longa España profunda coa súa inflexibilidade e co seu inmovilismo.

Xoán Antón Pérez-Lema
é avogado e analista político.
Foi Secretario Xeral de Relacións
Institucionais da Xunta de Galicia.